

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión e expresión oral

Lois e Antón son dous rapaces da clase de quinto B. Son os mellores amigos. Esta semana cumpriron coas súas obrigas na escola polo que os seus pais, que tamén son moi bos amigos, decidiron regalarlle dúas entradas para que foran ver a súa película favorita que se acaba de estrearse nos cines da capital. Os dous colleron os seus flocos de millo e emocionados, tomaron asento na sala onde se proxectaba a película.

Rematou o filme e Lois e Antón dan as súas impresións:

—Que che pareceu a película?

—A verdade é que estou un pouco desilusionado, pensei que ía ser doutro xeito, Lois. E a ti? Gustouche?

—A min moitísimo. Ao contrario que a ti, a min pareceume sorprendente e impactante.

Moito máis do que eu agardaba.

—Cada un ten os seus gustos!

#### 1A. escoita o texto e responde as preguntas.

- Que lle regalan os pais a Lois e Antón?

Unhas entradas para o cine.

- Que colleron antes de entrar á sala?

Flocos de millo.

- Gustoulle a película a Antón? Que opina?

Non. Pensou que sería doutro xeito, como el quería e esperaba que fose.

- E a Lois?

Si. Sorprendente e impactante.

- Que che parece a opinión dos dous?

Resposta libre. Exemplo: Pois que cada un ten a súa opinión e que os dous teñen que respectalas.

<b>Nome:</b> _____ <b>Curso:</b> __ <b>Data:</b> _____
--

### Comprensión lectora

#### O home do saco

O home do saco existe. Eu vino non hai moito na calella que chaman das Flores e que vai desde a rúa San Roque ata a das Fontiñas. Serían as seis e media da tarde. Eu ía cara á casa logo das clases de inglés. Sempre vou por esta calella cando chove; por chegar antes e por ir ao abeiro dos beirís das casas para non mollarme.

A rúa, ademais de costenta, comeza estreita e está valada por ambos lados. Logo, ao pasar por debaixo dunha ponte de cemento que cruza de lado a lado, anchea e ramifícase en dous viais separados polos piares que sosteñen a ponte, en fronte mesmo da entrada ao aparcamento dun supermercado. O lugar xa é escuro de seu e o ceo estaba cego de nubes aquel día, así que, a pesar da hora, parecía máis noite ca día.

Ao pasar por diante da entrada do garaxe vino. Un home grande e cotroso, vestido con pezas mendadas, cangado cun saco lordento, tamén grande, efluíndo un fedor indescritible.

Estaba de pé, ao asexo, cozando as costas contra un dos piares que terman da ponte. Asomou o fociño cara ao lado polo que eu pasaba e berroume:

—Ei! —de primeiras non lle fixen caso, coma se non o oíse, ata que asegundou con voz bastante máis potente.

Non lle puiden responder. Impedíamo unha forza misteriosa, producida seguramente polo seu alento quente e podrecido batendo con forza contra a miña caluga; a mesma forza, se cadra, que freou os meus pés e que me imposibilitaba xirar a cabeza para mirar o que facía aquel home.

—Queee queeereeee? —quixen balbucir, mais non fun quen.

Imaxínade sentir o seu bafo a uns centímetros; e a min, un retaco mexamorniñas, írseme o canguelo licuefacto polas patas abaixo.

De súpeto púxoseme de fronte, debuxou un sorriso entre capa e capa de lixo que lle cubría a cara e descubriu unha boca desdentada e fedorenta. Logo, con

pachorra, tirou do saco que levaba ao lombo, abriulle a boca e co dedo índice sinaloume o meu destino inmediato:

—Veña, entra, que aínda non comín nada! De tres que cacei hoxe, tres que fuxiron non sei por onde!

Foi entón cando, ao ver o saco por dentro, aquela forza misteriosa que me entalaba todos os músculos do corpo me liberou e me deixou falar:

—Ha, ha! Ten o cu roto!

—Quen ten o cu roto? —preguntou o home do saco, moi ofendido.

—Non, non; vostede non! O saco! O saco é o que ten o cu rompido!

Nunca tanto corrín para chegar á casa. Mamá chamou á policía pero disque xa non había ninguén no sitio onde eu vira por primeira vez o home do saco.

Desde aquel día non hai noite que non se presente no meu cuarto, xusto no intre de me deitar. El abre a boca do saco, faime un sinal co dedo índice e ...

—Ha, ha! Ten o cu roto! —dígolle eu.

—Quen ten o cu roto? —pregunta el, moi ofendido.

Logo desaparece da miña vista e eu dispóñome a durmir a perna solta. Boas noites!

Antonio REIGOSA

### **1A. Responde as seguintes preguntas sobre o texto.**

- De onde viña o protagonista da historia? **De clases de inglés.**
- Como era a rúa por onde ía? **Costenta, estreita e valada por ambos os lados.**
- Como estaba o home do saco cando o viu? **De pé, ao asexo, cozando as costas contra un dos piares que terman da ponte.**

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

#### 2A. Explica que significa o seguinte.

- «Ao asexo»:

Vixiando.

- «Un retaco mexamorniñas»:

Un neno cagarriñas, tímido, apoucado.

- «Írseme o canguelo licuefacto polas patas abaixo»:

Que tiña tanto medo que se facía as súas necesidades enriba.

- «Con pachorra»:

Con lentitude á hora de facer as cousas.

- «A perna solta»:

Profundamente.

#### 3A. Escribe no caderno situación na que te sentiras como o protagonista do relato cando o home do saco lle falou. Resposta libre.

#### 4A. Busca no dicionario a palabra balbucir e escribe unha oración con ela. Pronunciar algo con dificultade ou de maneira vacilante. Resposta libre.

#### 5A. Cres que existe o home do saco de verdade? Gústache ler este tipo de relatos? Por que?

Resposta libre.